

ORDE do de 2019, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos mediante substitución no ámbito da Administración de Xustiza na Comunidade autónoma de Galicia.

A Lei orgánica 6/1985, do 31 de xullo, do poder xudicial prevé no seu artigo **472.2** que, por razóns de urxencia ou necesidade, poderá nomearse persoal funcionario **interino**, que desenvolverá as funcións propias dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en tanto non sexa posible o seu desempeño por persoal funcionario de carreira ou permanezan as razóns que motivaron o seu nomeamento. Á súa vez, o artigo **489.1** establece a posibilidade do nomeamento de persoal interino, por necesidades do servizo, cando non sexa posible, coa urxencia esixida polas circunstancias, a prestación por persoal funcionario de carreira.

Sen prexuízo do anterior, a lei orgánica, no seu **artigo 527.1**, regula a provisión temporal de postos vacantes, en tanto se resolven os sistemas de provisión en curso, ou cando resoltos, non se cubrirán por non existir candidato idóneo, dispoñendo que poderán ser provistos por funcionarios que reúnan os requisitos esixidos para o seu desempeño mediante o outorgamento dunha **comisión de servizos**. Así mesmo, o **apartado 2** do dito artigo, establece que, con carácter excepcional, poderán ser cubertos temporalmente mediante **substitución** os postos de traballo que se atopen vacantes ou cando o seu titular estea ausente, para o que a persoa substituta deberá reunir os requisitos para o seu desempeño na relación de postos de traballo.

O Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza, ditado en desenvolvemento do previsto a lei orgánica do poder xudicial, regula nos seus **artigos 73 e 74**, as comisións de servizo e as substitucións, respectivamente; indicando que a posibilidade de provisión por ambos sistemas non obsta a que a Administración considere que a praza en cuestión haxa de cubrirse por persoal funcionario interino, e así o prevé o **artigo 30** deste texto legal.

De acordo co previsto no artigo 1.2 do mencionado Real decreto 1451/2005, en todo o no previsto na lei orgánica do poder xudicial e no propio regulamento, aplicarase con carácter supletorio o establecido nas normas do Estado sobre función pública, sen prexuízo das disposicións complementarias que, no exercicio das súas competencias, diten nestas materias as comunidades autónomas con traspasos recibidos; disposicións que, en todo caso, deberán respectar o establecido neste regulamento.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece no seu artigo 14.2.e) que, en todo caso, os empregados públicos estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos

coas Administracións Públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público, na forma na que se determine regulamentariamente por cada Administración.

En virtude do establecido no artigo 20.1 do Estatuto de autonomía de Galicia e da transferencia de funcións á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de medios persoais ao servizo da Administración de xustiza, realizada a través do Real decreto 2397/1996, do 22 de novembro, e asumida pola Xunta de Galicia a través do Decreto 438/1995, o persoal funcionario dos corpos de médicos forenses e máis dos corpos de xestión procesual e administrativa, de tramitación procesual e administrativa e de auxilio xudicial dependen orgánicamente da Comunidade Autónoma. Esta competencia instruméntase a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, á cal lle corresponden competencias nesta materia, segundo o Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

A comunidade autónoma de Galicia ten polo tanto a facultade para complementar o non previsto na Lei orgánica do poder xudicial e na normativa estatal na materia, razón pola que se dita a presente orde, na que se precisan os criterios para a provisión temporal de postos de traballo mediante o outorgamento dunha substitución nas oficinas xudiciais, fiscais e servizos da Administración de Xustiza en Galicia. A provisión de postos estará en todo caso subordinada ás necesidades do servizo e ás disponibilidades orzamentarias.

Polo anteriormente exposto, tras informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e logo da negociación coas organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza en Galicia, no exercicio das atribucións conferidas segundo o artigo 38 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como polo artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. O obxecto da presente orde é establecer os criterios e o procedemento para a provisión temporal mediante substitución de postos de traballo reservados ao persoal funcionario dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa, auxilio xudicial e médicos forenses, (código do procedemento XU___).

2. Así mesmo, regúlanse as atribucións de funcións previstas no artigo 39.2 do Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do

persoal ao servizo da Administración de xustiza, entre o persoal do corpo de auxilio xudicial na mesma localidade.

3. As disposicións contidas nesta orde serán de aplicación ao persoal funcionario dos corpos de xestión procesual e administrativa, tramitación procesual e administrativa e auxilio xudicial, que presten os seus servizos na Administración de xustiza en Galicia.

Artigo 2. Tipo de substitucións

Substitución vertical: A que realiza unha/un funcionario no corpo inmediatamente superior ao que pertence:

Substitución horizontal: A que se realiza entre funcionarios do mesmo corpo.

Substitución sen relegación de funcións: A que realiza unha/un funcionario/a do corpo de auxilio xudicial nun órgano, servizo ou unidade do seu posto de orixe por razóns de urxencia ou necesidade.

Artigo 3. Normas xerais

1. Sen prexuízo da posibilidade de nomeamento de persoal interino por razóns de urxencia ou necesidade, que terá carácter excepcional, poderanse prover temporalmente mediante substitución vertical os postos de traballo previstos no artigo 1 desta orde, nos seguintes casos:

- a) cando resultara deserto tras ser ofertado a comisión de servizos.
- b) cando o seu titular estea ausente polo desfrute de licencias ou permisos de longa duración (mas de 3 meses)
- c) cando o seu titular pase a ocupar outra praza en comisión de servizos.

4. O persoal funcionario en substitución conservará o seu posto de orixe e terá dereito ás retribucións complementarias do posto ocupado en substitución máis a compensación prevista no punto 3 do Acordo do 23 de maio de 2018 (DOG Núm. 102 do 30 de maio de 2018).

5. O posto que deixe desocupado o/a funcionario/a substituto/a non poderá ser cuberto mediante outra substitución, procedendo en todo caso a súa cobertura mediante o nomeamento de persoal funcionario interino.

Artigo 4. Requisitos do persoal solicitante

1. Para ser nomeado substituto/a será preciso estar na situación de servizo activo, prestando efectivamente servizos en xulgados, tribunais, fiscalías ou outros órganos da Administración de Xustiza en Galicia.

2. Tamén será necesario estar en posesión da titulación académica esixida para acceder ao posto que é obxecto da substitución e reunir os requisitos establecidos para o seu desempeño e, no seu caso, os previstos na relación de postos de traballo.

3. Os funcionarios que á data da respectiva convocatoria estean desempeñando un posto en comisión de servizos ou substitución non poderá participar na mesma.

4. No caso do persoal do corpo de auxilio xudicial para acceder a unha substitución vertical no corpo de tramitación procesual e administrativa será necesario acreditar coñecementos na utilización de tratamento informatizado de textos.

Artigo 5. Inicio do procedemento

1. Cando se produza unha das situacións previstas no artigo 3 desta orde, e apreciada a necesidade e idoneidade de cobertura polo mecanismo da substitución entre titulares, convocarase o correspondente posto de traballo por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Xustiza, que se publicará na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>).

2. A convocatoria indicará o corpo da praza, a unidade, a localidade e, no seu caso, os requisitos singulares que para o seu desempeño que figuren nas relacións de postos de traballo. Ademais, indicarse a causa que motiva a substitución.

Artigo 6. Solicitudes

1. O prazo de presentación de solicitudes será de (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación na intranet, ou aquel que se estableza na propia convocatoria. As solicitudes non se poderán anular ou modificar unha vez finalizado o dito prazo.

2. Todas as persoas solicitantes deberán completar obrigatoriamente a súa solicitude a través do formulario electrónico dispoñible na Oficina Virtual do Persoal da Administración de Xustiza (OPAX), no sitio web (<http://opax.xunta.es>), accesible tamén a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

Artigo 7. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Acreditación da titulación necesaria para o ingreso no corpo superior ao de pertenza do funcionario/a.
- b) Méritos alegados na respectiva convocatoria para os postos singularizados.

2. Non será necesario presentar documentación acreditativa para aqueles solicitantes que estean conforme cos datos precargados na aplicación informática ao cubrir a solicitude. No caso de non estaren conformes con estes datos poderán modificalos, tendo que presentar a documentación acreditativa correspondente.

3. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, poderá requirirse á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta ou defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal, de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 39/2015.

5. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia presentada.

Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, sempre que a persoa interesada expresase o seu consentimento para que sexan consultados ou obtidos.

- a) Títulos oficiais universitarios.
- b) Títulos oficiais non universitarios.
- c) Celga 4, ou titulación equivalente, só se están expedidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- d) Cursos de linguaxe xurídica de nivel medio e de linguaxe xurídica de nivel superior certificados pola Escola Galega de Administración Pública.

2. No caso de que a persoa interesada se opoña a estas consultas, deberá indicalo no recadro correspondente habilitado na solicitude e presentar os correspondentes documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación do documentos correspondentes.

Artigo 9. Presentación da documentación

1. Durante o prazo de presentación de solicitudes, e de ter que presentar documentación, a persoa solicitante deberá facelo do seguinte xeito:

a) Deberá cubrir o formulario dispoñible na aplicación informática para anexar a documentación acreditativa e presentar todo electronicamente a través da aplicación informática.

b) Os documentos que se xunten deberán escanearse en formato PDF, sen que se admita ningún outro formato.

2. Os méritos non alegados na solicitude nin acreditados pola aplicación informática directamente ou pola documentación que achegue a persoa solicitante non serán obxecto de baremación.

3. Carecerán de validez os documentos achegados con emendas ou borranchos ou aqueles que non resulten lexibles.

4. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá documentación referida ao cumprimento dos requisitos nin xustificantes dos méritos non alegados na solicitude.

Artigo 10. Criterios para a adxudicación

1. Terá preferencia a/o funcionario de carreira do corpo inmediatamente inferior destinado no mesmo órgano, servizo ou unidade do posto que se oferta a substitución.

No caso de que houbera máis dun interesado, quen teñan mellor posto no escalafón.

2. Non existindo solicitantes ou non reunindo estes os requisitos para ser cuberto por substitución vertical dentro da mesma unidade, a preferencia determinarse segundo os seguintes criterios, por orde de prioridade:

Primeiro: Vertical mesmo centro de destino.

Se houbera máis dun interesado, terá preferencia o que teña maior tempo de servizos prestados no centro de destino. En caso de empate, quen teña mellor posto no escalafón.

Segundo: Vertical distinto centro de destino.

De existir máis dun interesado, estarase ao escalafón

Terceiro: Horizontal mesmo centro de destino

Se houbera máis dun interesado, terá preferencia o que teña maior tempo de servizos prestados no centro de destino. En caso de empate, quen teña mellor posto no escalafón.

Cuarto: Horizontal distinto centro de destino.

De existir máis dun interesado, estarase ao escalafón.

No caso dos postos singularizados daqueles centros de destino que contan con relación de postos de traballo, a orde de preferencia será a seguinte:

Primeiro: Mesmo centro de destino

Se houbera máis dun interesado, terá preferencia o que teña maior tempo de servizos prestados no centro de destino. En caso de empate, quen teña mellor posto no escalafón.

Segundo: Distinto centro de destino

Se houbera máis dun interesado, estarase ao baremo de puntuación utilizado na última convocatoria de provisión con carácter definitivo do correspondente posto.

3. A selección das persoas candidatas e a adxudicación da praza efectuarase segundo a orde de preferencia marcada na súa solicitude.

Artigo 11. Resolución

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a persoa titular da Dirección Xeral de Xustiza ditará resolución de adxudicación, que se publicará na intranet de xustiza.

Artigo 12. Efectividade e duración das substitucións

1. A incorporación ao posto de traballo en substitución será na data de efectos administrativos indicados na resolución de concesión da substitución que se publique e no acordo que se emita a favor da persoa interesada.

2. En todo caso, o posto de traballo deberá ser ocupado de xeito efectivo pola persoa adxudicataria da substitución, interrompéndose no seu caso o gozo de vacacións ou licencias e permisos que, en todo caso, terán que ser informados polo órgano de destino e autorizados pola correspondente xefatura territorial, de acordo coas necesidades do servizo.

3. No caso de que a incorporación non se faga efectiva na data indicada na resolución de adxudicación entenderase que a persoa interesada renuncia á praza adxudicada e decaerá no seu dereito; resolvéndose a adxudicación da praza, de ser o caso, á seguinte persoa solicitante segundo a orde obtida na valoración de solicitudes.

Artigo 13. Causas de cese na substitución

Serán causas de cese na substitución:

- a) Incorporación da persoa titular do posto ou finalización da causa que motivou a substitución.
- b) Por amortización da praza.
- c) Por obtención dun novo destino definitivo, cesando na substitución o mesmo día do cesamento no destino dende o que obtivo a substitución.
- d) Por adscrición provisional dun/ha funcionario/a titular.
- e) Por renuncia.
- f) Por falta de desempeño efectivo da substitución durante quince días hábiles, agás no caso de vacacións, e licenzas de maternidade e paternidade.

Artigo 14. Renuncias

1. As renuncias as prazas solicitadas en substitución, unha vez adxudicadas, tanto se a renuncia se formula antes da efectiva toma de posesión ou despois desta, penalizarase coa imposibilidade de poder acceder a unha nova substitución o comisión de servizos durante un ano.

2. No caso de renuncia, esta será efectiva dende a data de efectos recollida na correspondente resolución, que se fará no prazo temporal máis breve posible sempre atendendo ás necesidades do servizo.

Artigo 15. Notificacións

1. As notificacións daquelas resolucións e actos administrativos que non sexan obxecto de publicación de acordo co establecido nesta orde practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na norma reguladora do procedemento administrativo común.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. Neste caso as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o

cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 16. *Atribución de funcións*

1. De xeito excepcional, e consonte ao previsto no artigo 39.2 do RD 1451/2005, as persoas titulares das respectivas xefaturas territoriais da consellería competente en materia de xustiza, poderán atribuír ao persoal funcionario do corpo de auxilio xudicial, por razóns de urxencia ou necesidade, a atención de correo urxente, asistencia a sala de vistas e videoconferencias, en unidades distintas ás do seu destino, dentro da mesma localidade e mesmo centro de destino.

Tamén poderá utilizarse este mecanismo de atribución de funcións para a realización polos funcionarios de auxilio xudicial do servizo de garda en xulgado diferente do seu destino; neste caso o servizo será atendido polos integrantes das quendas ás que se refiren os parágrafos seguintes cando non haxa voluntarios entre os funcionarios con destino nos demais xulgados de instrución.

2. Para garantir que o desempeño da atribución de funcións en distinta unidade xudicial sen relegación das funcións propias non prexudique o bo funcionamento do servizo, os titulares das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de xustiza regularán un sistema de quendas de dispoñibilidade permanente, voluntaria e retribuída durante períodos de 15 días que se estruturará segundo as necesidades das localidades.

Os interesados en integrar as quendas de dispoñibilidade deberán cubrir e presentar o formulario dispoñible na OPAX a estes efectos.

3. A participación nestas quendas de dispoñibilidade darán dereito á percepción da cantidade de 102,00 euros, por cada período de 15 días de dispoñibilidade para o desempeño conxunto de función para o que resulten nomeados, sen prexuízo das retribucións que lle puidesen corresponder pola prestación do servizo de garda.

4. As ditas Xefaturas Territoriais regularán as quendas para este desenvolvemento conxunto, así como as tarefas que, en virtude da atribución de funcións, deban realizar os traballadores designados durante os días que estean dispoñibles para o desempeño conxunto de tarefas no seu posto de orixe e outro por atribución de funcións. Como mínimo as quendas estarán integradas por:

Localidade	Verán	Inverno
A Coruña	5	3
Vigo	5	3
Santiago de Compostela	3	2
Ferrol	3	2
Lugo	3	2
Ourense	3	2
Pontevedra	3	2

5. A dispoñibilidade das quendas voluntarias entenderase referida a calquera órgano da localidade na que o funcionario teña o seu posto de traballo e a calquera orde xurisdiccional.

Disposición adicional primeira. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de dar a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora

a través dos distintos medios de comunicacións institucionais de que dispón a Xunta de Galicia, como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición transitoria

En tanto non se habiliten as solucións informáticas oportunas na OPAX, ou en caso de fallo acreditado do sistema, as solicitudes e, no seu caso, documentación ou alegacións, deberán presentarse nos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, adiantando a súa presentación ao seguinte correo electrónico: servicio.persoal.xustiza@xunta.gal

Disposición derogatoria

Queda derogada a Resolución do 7 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se regulan as substitucións entre funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia.

Disposición final primeira. *Habilitacións*

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral de Xustiza para ditar disposicións para aplicación e execución da orde.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza